

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 22 de novembro de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción para a Humanización da PO-323 no termo municipal de Vigo, primeira fase, de clave PO/20/012.09, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.*

**Antecedentes:**

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 19 de novembro de 2021 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción Humanización da PO-323 no termo municipal (TM) de Vigo. 1ª fase, de clave PO/20/012.09.

O obxecto do proxecto é a definición e o desenvolvemento da solución óptima das actuacións necesarias para realizar a humanización da estrada PO-323, no treito comprendido entre a intersección da dita estrada coa avenida Mariña Española e o IES Leixa, no termo municipal de Vigo. Este proxecto englobase dentro das actuacións que está levando a cabo a Xunta de Galicia na PO-323 co fin de humanizar esta vía de entrada na cidade e fomentar a mobilidade sostible na zona, coa adopción de medidas para calmar o tráfico rodado e mellora dos itinerarios peonís existentes.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

**RESOLVO:**

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.



Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, se somete a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M<sup>a</sup> Victoria Moreno, 43, 1º, 36071 Pontevedra) e no Concello de Vigo (praza do Rei, 1, 36202 Vigo, Pontevedra).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>) atópase á disposición dos interesados o proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2021

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Humanización da PO-323 no TM de Vigo. 1ª fase, de clave PO/20/012.09.

Concello de Vigo. Pontevedra.

Nº	Referencia catastral	Titular	DNI	Situación básica do solo	Clasificación urbanística	Sup. expropiación (m²)	Bens	UD
1	5379607NG2757N	Herdeiros de Gil Vicente, José		Solo urbanizado	Solo urbano consolidado (ordenanza 3)	305	Peche	48 ml
2	5379803NG2757N	Innova Ac Gestión Integral Inmuebles, S.L.	B36954725	Solo urbanizado	Solo urbano non consolidado (apr A-5-19)	94	Vivenda	146 m²
3	5379802NG2757N	Alonso Couñago, María	***7063**	Solo urbanizado	Solo urbano non consolidado (apr A-5-19)	73	Vivenda	144 m²
4	5379801NG2757N	Herdeiros de Gil Domínguez, Carmen	***3652**	Solo urbanizado	Solo urbano non consolidado (apr A-5-19)	41	Vivenda	78 m²
5	5278642NG2757N	Guerra Vieitez, José e Vaqueiro Testas, Esperanza	***7681** e ***2604**	Solo urbanizado	Solo urbano non consolidado (apr A-5-19)	7	Peche bloque/ 1 ud. traslado portal	5 ml
6	5578401NG2757N	Concello de Vigo	P3605700H	Solo urbanizado	Solo urbano non consolidado (apr A-5-19)	9		
7	5679206NG2757N	Pehuenche, S.L.	B36879724	Solo rural	Solo urbano consolidado (api-01)	159	Peche bloque	13 ml
8	5679215NG2757N	Inversiones Cota Mil, S.L.	B36817070	Solo rural	Solo urbano consolidado (api-01)	399		
9	5679205NG2757N	Concello de Vigo	P3605700H	Solo rural	Solo urbano consolidado (api-01)	485	Peche bloque	18 ml
10	5679201NG2757N	Inversiones Cota Mil, S.L.	B36817070	Solo rural	Solo urbano consolidado (api-01)	271	Peche bloque	20 ml
11	5679202NG2757N	Inversiones Cota Mil, S.L.	B36817070	Solo rural	Solo urbano consolidado (api-01)	286	Peche bloque	5 ml





Nº	Referencia catastral	Titular	DNI	Situación básica do solo	Clasificación urbanística	Sup. expropiación (m <sup>2</sup> )	Bens	UD
12	5679203NG2757N	Inversiones Cota Mil, S.L.	B36817070	Solo rural	Solo urbano consolidado (api-01)	210		
13	5679204NG2757N	Concello de Vigo	P3605700H	Solo rural	Solo urbano consolidado (api-01)	233		
14	54057A00700432	Hros. de Joaquín		Solo rural	Solo urbano non consolidado (apr A-5-05)	37		

